



Manuel María

O grande poeta nacional

O pasado 8 de setembro falecía o grande compañeiro Manuel María, trasladado o seu corpo ao Panteón de Galegos Ilustres, ofrecemos as reflexións pronunciadas por Francisco Rodríguez na súa honra, antes de marchar cara as terras do seu benquerido Outeiro de Rei

FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Doutor en Filoloxía Románica,
crítico literario e Deputado do BNG
no Parlamento español

Coa morte de Manuel, acarón do seu cadáver, matinei na nosa cultura da morte. Debecín por que os seus aspectos colectivos tivesen un significado positivo, de construción, de vontade por unha Galiza distinta, entre todos nós. Cavilei en canto nos necesitamos para existir con mínima dignidade e dereitos mínimos, os de pertencermos a un pobo, con identidade propia que aspira a existir no mundo. Afondei na idea de que a morte, os mortos, poden ser tamén ali-

cerce, punto de encontro dos que estamos nun camiño común, para reforzarnos, sermos axeitadamente destemidos e confiar máis tamén na nosa capacidade común, non na solitaria nin individual. Cavilei así mentres agradecía a existencia de galegos como Manuel e valoraba non só racionalmente, senón tamén con agrimo e emoción a conduta esforzada e organizada de algúns dos seus amigos e correligionarios para que o seu enterro for o que estaba a ser: expresión de vida dun pobo con dignidade.

Estou a ver máis a vitalidade, a razón de ser da nosa existencia combativa de fillos dunha patria lacerada neste mundo lacerado que unha manifestación social máis de dó rotineiro, tristeiro e sen sentido. Estaba presente o corpo de Manuel no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval, e simbolizaba a continuidade de Galiza, da súa tradición nacional, acompañado por Rosalía e Castelao, por Brañas e Cabanillas. Alí entrou por decisión e vontade de amigos e correligionarios, comparti-

das pola súa muller, non por atención, convición e amparo de quen nos goberna, e grazas a presenza do nacionalismo no Concello de Compostela.

Vendo o rostro de Manuel, naquel panteón fermoso e magnífico, evoquei o seu sereno e natural compromiso de home galego, o triunfo e a pervivencia da súa conduta e da súa poesía, sobre o silencio, a censura e o menosprezo. Entrevín a diferenza dos tempos e as semellanzas. Rosalía entrou en Bonaval grazas aos emigrantes e á perseverancia dalgúns devotos do interior, non sen conflito, descrédito e desamparo da oficialidade civil e eclesiástica. Manuel entraba alí coa maldisimulada contrariedade e a distancia covarde dos que controlan institucións para servizo da doma de Galiza. Porén estaba acompañado de moita xente, a que admiraba a súa templanza co próximo e a naturalidade senlleira da súa obra, a que agradecía o fundamental contributo literario e creativo, para o esplendor da nosa lingua e testemuña do noso mundo. Alí aludín, información expresiva de Saleta, a como no leito de morte Manuel recitaba poemas de Manuel Machado á súa amábel e solícita enfermeira andaluza, devota e recitadora do seu compatriota. Compartín con Saleta o xuízo sobre as nosas "naturais" anormalidades e ignorancias. Cando as nosas enfermeiras serán quen de recitar a Rosalía? A diversidade e a diferenza eran humanamente, artisticamente, respeitadas por Manuel, por máis que a nosa humanidade diferente, a súa, a do noso pobo, fose tantas veces maltratada. Porén, un non puido máis que ver en todas as coroas variopintas, en tanta flor multicolor que enchía aquela capela sacra, o triunfo da diversa condición humana, na súa expresión colectiva e persoal.

Manuel María é o poeta nacional da posguerra. Ten todas as características dun clásico da nosa literatura, por máis incompreensións, reticencias e hostilidades que teña sofrido a súa poesía, precisamente pola súa coerenza e contundencia como expresión da nación. Certamente a obra de Manuel condensa sempre unha combinatoria ineludíbel, a do pobo, a lingua e a Terra. Son as tres estas que coesionan o seu

sentimento e a súa razón poéticas, malia o paso do tempo, ou cada circunstancia específica, teña escorado cara un ou outro aspecto o afán comunicativo. Non é de estrañar que a súa obra sexa o maior tesouro lingüístico, nun duplo senso, riqueza do idioma e mostra viva dunha problemática opresiva e dos esforzos por vencela. Tampouco é de estrañar que latexe nela a preocupación, a proposta a prol dunha Galiza liberada. Esta é unha das tensións de moitos dos seus poemarios. O pobo galego existe, malia tantas mascaduras, eivas e derrotas. Está na obra de Manuel a mellor información poética e a mellor defensa de nós como colectivo, como nación, dos bós e xenerosos, como esforzo, do devalar da historia colectiva desde a posguerra até hoxe, desde o combate até a piedade e o cepticismo esperanzado. Só desde unha convición íntima natural se pode construír unha obra tan coerente. En máis dun aspecto podemos afirmar que a obra de Manuel, en especial a poética, é o antidoto da autodestrución, unha das enfermidades colectivas do país.



Viáxamos de Santiago á Terra Chá, a carballeira de Santa Sabela en Outeiro de Rei. Que tarde de serea fermosura xa outonal esperaba a Manuel!!! Con que templanza e serenidade exuberante se expresaba a natureza!!! Canta contundencia afirmativa a da nosa Terra!!! Milleiros de persoas acompañamos a Manuel. Entón, sen fragmentarnos da multitude, vin a Lois, a Pilar, a Aberte Ansedo, a Saleta, de novo, e pensei que estábamos agradecendo unha obra humana esplendorosa, produto da capacidade de amar ■

Ten todas as características dun clásico da nosa literatura, por máis incompreensións, reticencias e hostilidades que teña sofrido a súa poesía

Instantánea tomada na Marcha contra a instalación da central nuclear en Xove a fins da década de 1970.